

# 2019 ANO INTERNACIONAL DO SISTEMA PERIÓDICO. UN PROXECTO PARA UN PAÍS

**Manolo R. Bermejo**

**Sandra Fernández Fariña**

**M. Isabel Fernández García**

**Esther Gómez Fórneas**

**L. Miguel González Barcia**

**Ana M. González Noya**

**Marcelino Maneiro**

**Rosa Pedrido**

**Laura Rodríguez**

**María J. Romero**

*Grupo de Innovación Docente CienciaNOSA-USC*

**Beatriz Fernández**

*I.E.S. Ánxel Fole*

**M. Inés García Seijo**

*C.P.I. Luís Díaz Moreno*

## 1. Introducción

O ano 2019 foi declarado ANO INTERNACIONAL DO SISTEMA PERIÓDICO (S. P.) polas Nacións Unidas, para conmemorar os 150 anos da publicación por Dimitri Mendeleev da súa táboa periódica, pero non se escoita falar nada polo noso País de tal acontecemento. Ao noso grupo de Innovación Docente en Didáctica e Divulgación Científica **CienciaNOSA** pareceunos oportuno facer unha profunda reflexión, neste noso congreso, sobre tan importante e transcendente acontecemento. Pretendemos facer unha chamada en alta voz para resaltar este importante feito e reclamar das nosas autoridades académicas, científicas e políticas a súa implicación neste relevante acto con actuacións específicas. Desde ENCIGA, o noso grupo CienciaNOSA, quérese poñer diante do carro para tirar del e facer o vindeiro ano un ano frutífero para a nosa ciencia.

Vimos de sinalar que a celebración deste ano 2019 ven como consecuencia de que, no ano 1969, Mendeleev publicou a súa táboa periódica. Hai 150 anos, Dimitri estableceu e publicou a súa ordenación dos elementos químicos ata entón coñecidos na forma dunha táboa periódica. Tal fito foi para os químicos e as

químicas tan relevante que ficou na historia da ciencia de modo que, aínda hoxe, se segue a utilizar na forma dunha coñecida Táboa; por tal razón, as Nacións Unidas queren lembrar tan singular feito todo o ano 2019 para que os membros da nosa sociedade, sobre todo os máis novos, o coñeza, o recoñeza como moi importante para a historia da ciencia e o celebre.

Nós en ENCIGA xa lembramos, e celebramos cun libro, o nacemento e a relevancia do S. P. Nun número extraordinario do noso Boletín (Nº 67), publicado no ano 2009 para rememorar o centenario do pasamento de Mendeleev (febreiro de 2007), consideramos algúns interesantes aspectos relacionados co sistema periódico dos elementos.

Todo o devandito levou ao noso grupo CienciaNOSA a plantexarse a realización dun ambicioso programa que queremos presentar no noso anual Congreso, para que se poida levar adiante coma un compromiso de todos e todas nós. Tal programación pode ser de máximos ou de mínimos. A de mínimos corresponde ao traballo que poidamos e queiramos facer cada un e cada unha de nós no noso contorno. A de máximos é a que queremos presentar hoxe aquí. Chegaremos ata alí onde todos consigamos comprometer nos coas nosas actuacións concretas.

## **2. Programación**

Na programación que no relatorio presentaremos pretendemos implicar a todas cantas institucións públicas teñen que ver co mundo da química e, tamén, aquelas institucións privadas que, economicamente, poden axudar ao mellor desenvolvemento e espallamento deste Ano Internacional do Sistema Periódico.

A seguir presentamos aquelas institucións que deberían implicarse nos actos e, no noso Congreso, desenvolveremos como creemos que o poderían facer todas e cada unha delas.

### *2.1. Institucións organizadoras*

Deberían colaborar, como mínimo, as seguintes Institucións:

- Xunta de Galicia, a traveso da súa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Academia Galega das Ciencias.
- Consello da Cultura Galega, a traveso da súa sección de Ciencia, Tecnoloxía e Sociedade.
- Facultades de Ciencias das Universidades galegas: USC, UdC e UVIGO.
- Colexio de Químicos.
- ENCIGA (Ensinantes de Ciencias de Galicia).

- Todos e todas e cada un e unha de nós no noso contorno.

### **3. Accións das institucións**

A seguir presentamos algunhas das moitas actuacións nas que se nos ocorre deberían participar as distintas Institucións.

#### *3.1. Accións da Xunta de Galicia*

A traveso da Consellería de Educación e Ordenación universitaria, a Xunta de Galicia debería participar, entre outras actuacións, da seguinte forma:

- 1º. Actos diversos de divulgación do Ano: Presentación dos actos do Ano Internacional; convocatorias e avisos a todos cantos centros de ensino son da súa competencia; presentación e publicación de libros; envío destes libros a todos os centros de ensino; envío de cantos libros e materiais didácticos se escriban e se editen sobre o Ano Internacional do S.P.; etc.
- 2º. Publicación dos materiais máis diversos: Libros; o sistema periódico en galego; instalar nos laboratorios dos centros de ensino Sistemas Periódicos dos elementos químicos, en galego, en formato grande; regalo ao alumnado de táboas periódicas de man, para o seu uso nas aulas; etc.
- 3º. Divulgación do Ano Internacional do S.P. por medio de diversos actos: presentacións do evento ao longo das cidades do país; ciclos de conferencias diversos; premios de divulgación; artigos na prensa diaria; etc.
- 4º. Axudas económicas, a todos os participantes, para o mantemento dos actos.

#### *3.2. Academia Galega das Ciencias*

- 1º. Celebración do Día da Ciencia de Galicia 2019 dedicado a D. Tomás Batuecas Marugán.
- 2º. Actuación sobre a Consellería.
- 3º. Actos variados: conferencias de divulgación e científicas; exposicións sobre o S. P.
- 4º Publicación de libros

### 3.3. *Consello da Cultura Galega*

### 3.4. *Colexio Oficial de Químicos de Galicia*

### 3.5. *Facultades de Química e Facultades de Ciencias de Galicia*

- 1º. Actuación conxunta sobre a Consellería.
- 2º. Ciclo de conferencias itinerante nas facultades de Galicia. 16 conferencias sobre diversos aspectos do S.P. a impartir de febreiro a xuño do 2019.
- 3º. Convocatoria de Premios de Divulgación.
- 4º. Publicación do ciclo das Conferencias.
- 5º. Entrevistas na Radio Galega no programa EFERVESCENCIA.
- 6.º Publicación de libros.
- 7º. Exposición itinerante organizada pola Academia Galega de Ciencias.

### 3.6. *ENCIGA*

- a) Actuar como dinamizador de todos os actos.
- b) Libro sobre o S. P. coordinado por nós.
- c) Fomentar actos diversos nos nosos centros: conferencias, exposicións de materiais diversos relativos ao S.P., participación do alumnado e do profesorado nos premios que se convoquen, asistencia aos diversos actos que se podan realizar, etc.
- d) Conferencias PLENARIAS de física e química, no XXXII Congreso, dedicadas ao S. P.
- e) Sección especial de RELATORIOS, no XXXII Congreso, dedicada ao S. P.

### 3.7. *Individual*

Cada un e cada unha de nós:

- a) Xa, aquí e agora.
- b) Campaña para o futuro ano.